# A Costa da Morte, na directiva dos Escritores en Lingua Galega



R. Fernández.

**Rosalía Fernández Rial** está que non para. Ademais de lanzar xunto a **Serxio Moreira** o seu primeiro disco baixo a denominación de proxecto ELO, a poeta carballesa-muxiá —e presidenta de asociación cultural Lumieira— acaba de incorporarse á directiva da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), entidade que preside **Cesáreo Sánchez Iglesias** e que celebrou o sábado unha asemblea en Compostela.